

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027307	IES Isidro Parga Pondal	Carballo	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	4º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 4º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e que se se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

O proxecto "Natureza conectada. Coidando a contorna da horta para o fomento da biodiversidade" plantéxase baixo estes condicionantes.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e a súa contorna.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES Isidro Parga Pondal do concello de Carballo que é un concello da provincia de A Coruña, dividido en 18 parroquias, pertencente a comarca de Bergantiños sendo a súa capital e vila máis grande. O concello conta cunha gran variedade de ecosistemas, fluviais, de interior e costeiros nos que viven numerosas especies animais e vexetais. Entre eles cabe mencionar:

O río Anllóns que atravesa o concello de Leste a Oeste, constitúe un importante ecosistema fluvial no que podemos observar unha grande variedade de peixes tales como troitas, salmóns ou reos. Ao longo do seu leito existen árbores autóctonas e outras especies vexetais propias das zonas fluviais.

O Espazo Natural de Razo-Baldaio constitúe o punto de maior interese paisaxístico e ecolóxico. Comprende unha grande área de litoral xurdida dun entrante costeiro, que rematou pechándose cunha gran barra de area. Nel podemos observar catro ecosistemas: unha barra de area con dunas ao longo da praia, que separa a lagoa do mar; a lagoa litoral, cunha canle que permite o intercambio das mareas; unha marisma sucada por unha gran cantidade de canles que desaugan na lagoa; e unha xunqueira no oeste, desenvolvida sobre unha chaira areosa á que non chega a influencia das mareas.

Dentro dos ecosistemas de interior salienta na parroquia de Entrecruces a chamada Férveda de Entrecruces, na que o caudal do río Outón se precipita dende unha altura de máis de corenta metros. Ademais, produto da faia meridiana que separa as parroquias de Rus e Entrecruces xorde un salto de auga duns trinta metros formado no río da Férveda. Esta forte corrente de auga deslízase por un chan de gabros, rochas de gran dureza e difícil erosión. Trátase da chamada Férveda de Rus, que a pesar de non contar cun gran desnivel, vai baixando de forma sinuosa pola canle do río. Ademais, o concello, conta cunha biblioteca pública onde se levan a cabo numerosas actividades durante o curso, un conservatorio profesional de música e unha sección da Escola oficial de idiomas.

Por outra banda, Carballo e arredores é unha zona con unha importante tradición agrícola e cun forte monolingüismo en galego, pola contra esta impronta carballesa parece estar a desaparecer nas novas xeracións que cada vez empregan menos o galego como lingua vehicular e tamén parecen a alonxarse máis das actividades agrícolas características do rural posiblemente debido o propio crecemento da vila e a mellora da conexión da contorna máis urbana da cidade de A Coruña.

Neste entorno natural e cultural tan privilexiado naceu e vive a maioría do noso alumnado, a presenza nos últimos anos de alumnado foráneo é escasa, polo que a través das materias do noso departamento procuramos que os alumnos e alumnas adquiren un nivel competencial que lles axude a ser cidadáns e cidadás respectuosos consigo mesmos, cos demais e co medio, co material que utilizan ou que estea a súa disposición, responsables, capaces de ter criterio propio e de manter o interese por aprender e descubrir. E no caso concreto do Proxecto Competencial de 4º de ESO por achegarse de novo ao medio natural e agrícola desde unha perspectiva sostible, conservadora e integral entendendo as prácticas agrícolas como unha simbiose co medio do que forman parte, e non como un simple produtor de recursos en concordancia coas novas visións da sociedade moderna nas que prima o desenvolvemento sostible baseado na agricultura rexenerativa e a accións dentro dunha infraestrutura verde.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico nesta programación que vai dirixida ao alumnado da materia de Proxecto Competencial de 4º ESO, que está composto por 2 grupos de 25 e 11 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 15 e os 16 anos de distintos lugares próximos ao concello ou do propio concello.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, con control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Planificación do Proxecto: "Natureza Conectada"	En base a unhas instrución básicas dadas polo profesor cada grupo e dentro de cada grupo cada alumno/a comezará a planificar o seu caderno de campo no que se plasmará unha contextualización, uns obxectivos específicos do alumno en relación cos obxectivos específicos do proxecto e o diario de actividades que levaremos a cabo durante todo o curso dentro do Proxecto "Natureza Conectada"	20	8	X		
2	Posta en marcha	O alumnado leva a cabo accións tanto no laboratorio como na propia horta que forma parte do taller de Biodiversidade coas que se pretenden alcanzar os obxectivos específicos do Proxecto: 1) Mantemento da horta e os elementos arredor existentes 2) Promover accións que faciliten o fomento da biodiversidade na contorna da horta.	50	17	X	X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Posta en marcha	Todas estas accións quedarán rexistradas no caderno do campo do alumando dentro do diario de actividades.	50	17	X	X	
3	Divulgamos	Presentación e divulgación do proxecto conxunto e partes do mesmo á comunidade educativa a través de vídeos divulgativos pendurados na rede e/ou charlas no propio centro.	30	10	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Planificación do Proxecto: "Natureza Conectada"	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática escollida a través do traballo en fichas de asimilación de contidos e do traballo no laboratorio e en campo.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto "Natureza Conectada" que quedarán plasmados nos contidos do diario de actividades no caderno de campo.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto a través da consulta na rede que serán valorados con listas de cotexo e rúbricas e fichas de asimilación da información pescudada e complementada coa valoración dos contidos plasmados no caderno de campo.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto que se plasmará na introdución e o rexistro de actividades do caderno de campo.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir que quedarán rexistradas no caderno de campo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporización.

UD	Título da UD	Duración
2	Posta en marcha	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Divulgamos	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentación da curtametraxe.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto:

“Natureza conectada. Coidando a contorna da horta para o fomento da biodiversidade.”

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. A finalidade é fomentar o interese e o respecto polo medio natural e a biodiversidade, e desenvolver a confianza, autoestima e autonomía e fomentar o traballo en equipo. O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto cuxos obxectivos finais son:

1. Mantemento da horta e os elementos de arredor xa existentes.
2. Promover accións que faciliten o fomento da biodiversidade na contorna da horta.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto, ata este ano eran levar a cabo fundamentalmente accións de preparación dos bancais lasaña para os cultivos de primaveira, pero dados os actos de vandalismo rexistrados no verán este ano non faremos cultivo nos bancais e adicaremos boa parte do tempo as seguintes accións:

- Recollida da colleita do ano anterior.
- Recollida e almacenamento de sementes do ano anterior.
- Acondicionamento da flora auxiliar arredor da nosa horta.
- Mantemento do refuxio de fauna xa feito.
- Planificación dos novos refuxios e puntos de alimentación.

Ademais destas accións tamén:

- Comezaremos a familiarizarnos coas apps de identificación de especies que serán esenciais para diferenciar organismos beneficiosos e prexudiciais na nosa horta.
- Identificación de EEI (especies exóticas invasoras) e eliminación.
- Prácticas de laboratorio relacionadas con conceptos fundamentais do proxecto: observación ao ultravioleta das guías de polinización en flores, observación de células vexetais...
- Charla da Asociación Galega de Custodia do Territorio onde nos falarán das microrreservas de flora en Galicia.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN:

- Sementeiras a partir de xaneiro para logo poder ter plantas para repartir entre o alumnado colaborante e na feira que se fai a final de curso.
- Reparación do invernadoiro para o mantemento das sementeiras.
- Sinalización dos distintos espazos.
- Creación de puntos de alimentación e refuxios para fauna auxiliar.
- Identificación e eliminación de plantas invasoras.
- Reposición dos elementos do sebe se é preciso.
- Primeiros pasos no uso de cámaras de fototrampeo.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN,

- Difusión no centro das actividades realizadas.
- Divulgación dos Eco-Retos de Voz Natura nas redes
- Saída ao espazo natural de Razo-Baldaio ou similar.
- Divulgación dos cadernos de campo do alumando no que está rexistrado o diario de actividades xunto con outras accións relacionadas todas elas co proxecto.

Neste proxecto, trabállanse todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes materias:

- Matemáticas (traballo con medicións, factores de conversión, interpretación de planos...).

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...;o alumnado ademais pescuda os nomes vernáculos nas nosas linguas maternas das especies presentes na nosa horta).
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...o alumnado ademais pescuda os nomes vernáculos nas nosas linguas maternas das especies presentes na nosa horta).
- Latín (nomes científicos das especies presentes nas horta)
- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna...).
- Lingua estranxeira (ábrese a posibilidade a que o alumnado ademais dos nomes vernáculos nas nosas linguas maternas pescuden os nomes en inglés das especies presentes na nosa horta).
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, toma de conciencia das inxustizas ambientais, respecto polo medio natural...).
- Educación Plástica, Visual e Audiovisual (interpretación de planos, cartelería do espazo...).
- Música (escollo da música dos vídeos dos Eco-Retos...).
- Bioloxía e Xeoloxía (Ecoloxía e medioambiente, axentes xeolóxicos, conservación de flora e fauna, biodiversidade...)
- Física e Química (medicións de pH e humidade, compostaxe, ...)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador e móbiles para manexar as apps de identificación e a elaboración dos cadernos de campo dixitais. Tamén con Kdenlive para a edición dos vídeos.
Roupa de traballo, aínda que o alumnado traerá luvas e calzado axeitado sempre teremos unha pequena reserva de luvas no almacén
Ferramentas de traballo: palas, laias, rastrillos, ferramentas de poda e de sega...
Material de cultivo: abonos, substratos, planta, sementes, arbustos para sebe, sementes...
Material para medicións de pH e humidade do solo
Material para construción de refuxios de fauna

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases repartirase entre a sala de informática xa reservada para a hora do proxecto competencial e o espazo da horta e a súa contorna e o laboratorio de bioloxía do centro. Habrá actividades individuais e en grupo (gran grupo e pequeno grupo) ao longo de todo o curso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	50	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A nota de cada avaliación virá dada polos seguintes criterios de cualificación:

- Un 50% da nota basearase no caderno de campo que cada alumno ten que facer e no que se deben recoller todas as actividades que realizamos ao longo do trimestre seguindo unhas instrucións básicas dadas polo profesor:

- Existencia dunha portada completa.
- Índice.
- Introducción con contextualización e obxectivos e croquis do espazo da horta e arredores sinalando as distintas partes.

- Diario de actividades, onde se rexistran as accións levadas a cabo tanto na horta como na sala de ordenadores e no laboratorio de Bioloxía, así como tamén nas posibles charlas. Este diario estará dividido en actividades de outono-inverno e actividades de primavera. Ademais cada actividade terá a súa ficha onde se resalten os aspectos máis relevantes: data e localización, obxectivos, procedemento ou explicación da actividade, materiais, conclusión...

- Táboa coa fauna e flora beneficiosa ou prexudicial na nosa horta
- O 50% restante da nota sairá do seguimento mediante distintos tipos de instrumentos de avaliación (rúbricas, listas de cotexo, cuestionarios, fichas de traballo...) do traballo en clase.

A avaliación considerase superada se o alumno acadara unha nota de 5 ou superior.

NOTA FINAL DA MATERIA

A nota final da materia será a nota final da 3ª avaliación. A materia considerase superada cando a nota sexa igual ou superior a 5.

Tamén terase en conta o seguinte:

a) Ante a detección de fraude a hora de realizar calquera tipo de proba de avaliación, por exemplo, se un alumno/a copia nunha proba escrita ou nun traballo, o departamento acorda que conlevará apercibimento e suspenso nesa proba cunha nota de 1.

b) Aqueles alumnos/as que non asistan a clase durante longos períodos de tempo, dos que, polo tanto, resulta moi difícil facer un axeitado seguimento académico e, aínda así, deban ser avaliados, terán a opción a unha proba escrita con cuestións referentes ós contidos impartidos durante o período de ausencia.

c) Calquera actividade/proxecto/traballo entregado fóra de prazo terá unha penalización (10%=1 día de retraso/ 50% =2 días de retraso) e non será recollida polo profesor se se entrega con máis de 3 días de retraso (sen contar sábados, domingos e festivos).

Criterios de recuperación:

A recuperación dun trimestre será efectiva a través da superación da materia no trimestre seguinte.

Se o alumno non superou a materia por trimestres terá dereito a unha proba final en xuño cuxa nota suporá o 100% da nota final da materia. Esta proba versará sobre os contidos impartidos durante o curso.

A materia considerase superada cando a nota sexa igual ou superior a 5.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	
ET.2 - Expresión Oral e Escrita		X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual		X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiro medioambiental interpretativo	Saída a un espazo natural da contorna, probablemente Razo-Baldaio, para a posta en valor dos valores naturais e da importancia da conservación dos mesmos			X
Charla Asociación Galega de Custodia do Territorio	Un dos membros desta asociación impartirá unha charla centrada fundamentalmente na flora endémica de Galicia	X		
Divulgación do Taller de Biodiversidade	O alumando de Proxecto Completencial presentará nun formato ou formatos aínda por definir (vídeos nas redes, presentación nas clases...) o proxecto ao resto ou parte do resto do alumando do centro.	X	X	X
Charla e exposición no centro sobre especies exóticas invasoras	Impartido por membros de AMABUL, asociación con ampla experiencia neste eido.		X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Cohesión entre contidos, actividades, criterios e competencias
Distribución temporal
Metodoloxía empregada
Traballo competencial (as actividades permiten traballar as competencias e son valorables mediante os criterios)
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Actividades axeitadas (funcionamento en grupos (pequeno grupo, grupo aula) e individuais)
Medios empregados (espazos, recursos, agrupamentos...)
Resultados do emprego das TIC
Medidas de atención á diversidade
Atención a diversidade (Reforzos, ampliación...)
Mecanismos de Recuperación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens.

9. Outros apartados